



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# REUNION

Dirección - Rep. Sindical (12/01/12)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

**Traballos vacacións e arranque** .- Neste punto infórmasenos que en canto os traballos en vacacións dos 1.500 traballadores/as diarios na Planta (1200 de Empresas Exteriores e 300 de PSA) nesta ocasión soamente tivemos 1 accidente con baixa.

En canto o arranque de instalacións, normalidade, salvo as avarías producidas nos Ferraxes na Liña do B-9, polo que ademais de crear unha equipa de voluntarios para recuperar produción, varían os horarios da Quenda de noite.

Dende a C.I.G., solicitamos á Dirección que as modificacións dos horarios laborais se lle fazan mediante "brifing" ó arranque da xornada, garantindo así a información a todos os traballadores/as por igual. A Dirección toma nota.

**Producción, previsións Marzo - Maio**.- A Dirección informa das seguintes previsións:

## SISTEMA I:

**Febreiro**.- Quendas do día normalidade. Quenda de Noite está previsto traballar o Domingo Noite día 5 e o seu horario laboral será de 5H 15Min.

**Marzo**.- Prevéñ 1 día de parada.

**Maio**.- Teñen previsto que se paren 2 días

## SISTEMA II:

**Febreiro**.- Catro días de non actividade, días 10 e 17 a conta de Adecuación de Xornada e 24 de Febreiro e 2 de Marzo a conta da ERE.

**Marzo e Abril**.- Contemplan parar 2 días cada mes.

**Maio**.- Estiman ter que parar 4 días.

Dende a C.I.G., esta información, tal e como llo fixemos saber, á hora de xestionar e decidir sobre os días de Adecuación de Xornada, é o Comité de Empresa, como Órgano Colexiado, quen debe ter a última palabra, e non a Dirección. Estamos a falar de días que nos pertencen ós traballadores/as, polo que de non ser así, estamos ante unha nova Vulneración dos Dereitos Fundamentais dos Traballadores/as e o ninguneamento da súa Representación Legal, ousexa do Comité de Empresa.

**Convenio Colectivo**.- No día de hoxe a Dirección infórmanos que para o vindeiro Luns ten previsto manter unha Reunión co Comité de Empresa, na que, entre os puntos da Orde do Día está acordar os mecanismos sobre a Negociación do Convenio Colectivo.

**Externalización de postos de Loxística en Ferraxe**.- Con motivo da nova planificación nas Instalacións de Ferraxe Nave 01, o Taller de Panel de Lado B-58, foi repartido entre a Nave F e a Nave 01, tendo que habilitar postos de traballo loxísticos para o correcto funcionamento deste Taller. Pois ben, contrariamente ó que está facendo o Grupo, de recuperar actividades que foran externalizadas, neste caso faise o contrario, co agravante de que coa externalización destes 10 postos reducen as posibilidades de adaptar a traballadores/as con limitacións.

## Confederación Intersindical Galega